[JCCP/MCVR]

Na sala de comisións "Concepción Arenal" do pazo Parlamento de Galicia reúnese a **Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo,** o día **4 de xuño de 2024, ás 16:05 horas,** logo da convocatoria remitida para o efecto.

Asisten as persoas que se relacionan a seguir:

Mesa:
Patricia García González
(Presidenta)
Paula Mouzo Mas
(Vicepresidenta)
Carmela González Iglesias
(Secretaria)

Vogais:
Grupo Parlamentario Popular de Galicia (P):
María Deza Martínez
Miguel Fidalgo Iglesias
María Dolores Hermelo Piñeiro
José Alberto Pazos Couñago
Roberto Rodríguez Martínez
Raúl Santamaría González
Gonzalo Trenor López

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG):
Daniel Castro García
Rosana Pérez Fernández
José Daniel Pérez López
Paulo Ríos Santomé

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia (S):
Julio Ernesto Abalde Alonso
Patricia Iglesias Rey
(en substitución de Carlos López Font)

Outros intervenientes:
Don Óscar Insua Lema (BNG)

Comparecentes:
Directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro
Presidente do Ente Público Portos de Galicia

Letrado:
Juan Carlos Caride Puente

PARLAMENTO DE GALICIA

A señora presidenta abre a sesión e rógalle á señora secretaria que lle dea lectura á relación de membros titulares da Comisión para os efectos de comprobar a existencia de quórum de constitución e as correspondentes substitucións. Logo da constatación deste, éntrase no desenvolvemento da orde do día obxecto desta sesión.

A señora secretaria abandona o seu posto na Mesa da Comisión e pasa a ocupar un escano co seu grupo parlamentario, de acordo co establecido no artigo 82 do Regulamento do Parlamento.

Punto 1. Preguntas:

1.1 873 (12/POC-000110)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Balseiro Orol, José Manuel e 8 máis
Sobre a contía do orzamento destinado pola Consellería do Mar aos proxectos impulsados polos grupos de acción local do sector pesqueiro (GALP)
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 11f2, do 15.04.2024

A Presidencia concédelle a palabra á **señora Hermelo Piñeiro (P)**, que procede á defensa da iniciativa ampliando os argumentos que da mesma se expoñen por escrito e que aparecen publicados no BOPG anteriormente subliñado.

En representación da Xunta de Galicia contéstalle a **señora directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro (Consellería do Mar), Marta Villaverde Acuña.**

En rolda de réplica a **señora Hermelo Piñeiro (P),** agradece a información aportada pola señora directora xeral, sobre a que expón novas consideracións.

A **señora directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, Marta Villaverde Acuña,** pecha o debate da iniciativa ampliando os datos amosados na súa anterior intervención.

A Presidencia agradece a presenza da señora Villaverde Acuña nesta sesión da Comisión e desculpa a súa ausencia, dado que non ten máis preguntas ás que teña que dar resposta.

1.2 2536 (12/POC-000412)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pérez López, José Daniel e Pérez Fernández, Rosana
Sobre os estudos das condicións de seguridade no interior do porto de Malpica co fin de executar un proxecto de mellora, a opción elixida dentro das diferentes intervencións consideradas e o cronograma de obras e orzamentos previsto
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 21f2, do 03.05.2024

PARLAMENTO DE GALICIA

O **señor Pérez López, (BNG),** expón os motivos nos que se basea esta iniciativa, ampliando os que se conteñen na súa presentación escrita e publicada no BOPG anteriormente subliñado.

Para a súa resposta intervén por parte da Xunta de Galicia o **señor presidente do Ente Público Portos de Galicia (Consellería de Pesca), José Antonio Álvarez Vidal.**

Na rolda de réplica o **señor Pérez López, (BNG)**, incide na importancia desta iniciativa logo de matizar algunhas das argumentacións expostas polo señor Álvarez Vidal e sobre as que expón novas consideracións.

Péchase o debate desta pregunta cunha nova intervención do **señor presidente do Ente Público Portos de Galicia, José Antonio Álvarez Vidal,** que reitera e amplía o manifestado na súa anterior intervención.

A señora presidenta agradece a presenza e colaboración do señor Álvarez Vidal cos traballos desta Comisión e desculpa a súa ausencia, dado que non ten máis preguntas ás que teña que dar resposta.

Punto 2. Proposicións non de lei

2.1 418 (12/PNC-000006)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Balseiro Orol, José Manuel e 8 máis
Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central para que xestione ante a Comisión Europea a eliminación dos totais admisibles de capturas en caladoiros comunitarios verbo das especies accesorias das que non existen informes científicos concluíntes sobre o seu estado real
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 6, do 05.04.2024

A Presidencia concédelle a palabra ao **señor Fidalgo Iglesias (P),** que pasa a explicar os motivos que xustifican a presentación desta proposición non de lei, ampliando os contidos na súa formulación escrita e publicada no Boletín Oficial do Parlameno.

A esta iniciativa non se presentaron emendas, polo que, aberta a rolda de grupos parlamentarios pola Presidencia, intervén en primeiro lugar o **señor Abalde Alonso (S),** quen, logo de deixar constancia das súas argumentacións a respecto desta iniciativa, destaca que, ao seu xuízo, esta proposta non aporta nada novo.

Nesta mesma rolda a **señora Pérez Fernández (BNG),** expón diversas consideracións sobre a intervención do señor propoñente.

O **señor Fidalgo Iglesias (P),** fai uso da rolda de puntualizacións para incidir na importancia desta iniciativa logo de matizar algunhas das afirmacións realizadas polo/a voceiro/a que o precederon no uso da palabra.

PARLAMENTO DE GALICIA

2.2 2081 (12/PNC-000263)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Iglesias Rey, Patricia e 2 máis
Sobre a demanda ao Goberno galego da posta en marcha de estratexias para a mellora da produción marisqueira de Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 16f2, do 24.04.2024

A **señora Iglesias Rey (S),** procede á defensa da iniciativa expresándose en termos semellantes aos que aparecen por escrito e que están publicados no Boletín Oficial do Parlamento.

A señora vicepresidenta abandona o seu posto na Mesa da Comisión e pasa a ocupar un escano co seu grupo parlamentario, de acordo co establecido no artigo 82 do Regulamento do Parlamento.

A Presidencia informa que a esta iniciativa non se presentaron emendas, polo que, aberta a rolda de grupos parlamentarios, intervén en primeiro lugar o **señor Insua Lema (BNG),** que xustifica o apoio do seu grupo parlamentario á proposición non de lei defendida

Nesta mesma rolda intervén por parte do **G.P. Popular de Galicia** a **señora Mouzo Mas,** quen, logo de matizar moitas das afirmacións realizadas pola voceira e voceiro que a precederon no uso da palabra, destaca que esta proposta chega tarde, pois todo o que nela se propón xa se está a levar a cabo dende Xunta de Galicia.

A **señora Iglesias Rey (S),** fai uso da rolda de puntualización para incidir na importancia da iniciativa, logo de amosarse en desacordo con moitas das afirmacións realizadas pola voceira do grupo maioritario.

2.3 2277 (12/PNC-000295)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pérez Fernández, Rosana e 4 máis
Sobre a demanda ao Goberno galego da elaboración e aplicación no prazo dun mes dun protocolo de baleirado dos encoros das bacías hidrográficas da súa competencia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 20f2, do 02.05.2024

A **señora Pérez Fernández (BNG),** explica os motivos nos que se basea a proposición non de lei, ampliando os que se conteñen na súa formulación escrita e publicada no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia.

A esta proposición non de lei non se presentaron emendas, polo que, aberta a rolda de grupos parlamentarios pola Presidencia, intervén en primeiro lugar o **señor Abalde Alonso (S),** para posicionarse a favor da proposición non de lei defendida.

PARLAMENTO DE GALICIA

Nesta mesma rolda o **señor Trenor López (P),** tras rexeitar moitas das argumentacións expostas pola señora propoñente, defende a postura da Xunta de Galicia.

Na rolda de puntualizacións a **señora Pérez Fernández (BNG)**, expón diversas discrepancias coa intervención do voceiro do grupo maioritario e agradece o apoio amosado polo voceiro do G.P. dos Socialistas de Galicia.

2.4 2574 (12/PNC-000332)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pérez Fernández, Rosana e 4 máis
Sobre determinadas actuacións que o Goberno galego debe impulsar coa finalidade de mellorar a situación do sector marisqueiro galego
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 20f2, do 02.05.2024

A Presidencia concédelle a palabra á **señora Pérez Fernández (BNG)**, quen pasa a dar conta das razóns nas que se basea esta proposición non de lei, expresándose en termos semellantes aos contidos na súa formulación escrita e publicada no Boletín Oficial do Parlamento.

Tampouco a esta iniciativa se presentaron emendas, polo que, aberta a rolda de grupos parlamentarios pola Presidencia, intervén en primeiro lugar o **señor Abalde Alonso (S),** que pasa a referir as razóns polas que o seu grupo vai apoiar esta proposta.

Nesta mesma rolda a **señora Mouzo Mas (P),** tras matizar algunhas das argumentacións expostas pola señora propoñente, expón as súas argumentacións a respecto da proposta formulada anuncia o apoio do seu grupo á mesma.

A **señora Pérez Fernández (BNG),** fai uso da súa rolda de puntualizacións para agradecer o apoio amosado por ambos grupos parlamentarios, logo de matizar algunhas das afirmacións realizadas pola voceira do grupo maioritario.

2.5 3383 (12/PNC-000425)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Iglesias Rey, Patricia e 2 máis
Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia coa finalidade de que promova unha ampliación do porto de Malpica
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 24f2, do 15.05.2024

A **señora Iglesias Rey (S),** quen dá conta das razóns que levaron ao seu grupo á formulación desta proposición non de lei, expresándose en termos semellantes aos que aparecen publicados no BOPG anteriormente subliñado.

A esta proposición non de lei tampouco se presentaron emendas, polo que, aberta a rolda de grupos parlamentarios pola Presidencia, intervén en primeiro lugar o **señor Pérez López (BNG),** para manifesta a intención do seu grupo de votar a prol da iniciativa.

PARLAMENTO DE GALICIA

Nesta mesma rolda o **señor Fidalgo Iglesias (P),** logo de expoñer as súas argumentacións a respecto da proposta formulada, xustifica o rexeitamento do seu grupo á mesma.

Na rolda de puntualizacións a **señora Iglesias Rey (S**), expón diversas consideracións sobre as razóns de rexeitamento da iniciativa por parte do grupo maioritario e agradece o apoio amosado polo G.P. do Bloque Nacionalista Galego.

Rematado o debate, a Presidencia procede á votación das proposicións non de lei, pola orde na que figuran na convocatoria:

2.1 418 (12/PNC-000006), do **G.P. Popular de Galicia.** Sométese a votación o texto resolutivo orixinal, que resulta **aprobado** por:

Votos a favor:..... 14 (P+BNG)
Votos en contra: 0
Abstencións: ..... 2 (S)

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Dirixirse ao Goberno central para que realice as xestións necesarias ante a Comisión Europea para a eliminación dos totais admisibles de capturas (TAC) sobre especies accesorias, dado que non existen informes científicos concluíntes sobre o estado real destes recursos pesqueiros en varios caladoiros comunitarios.»

2.2 2081 (12/PNC-000263), do **G.P. dos Socialistas de Galicia.** Sometido a votación o texto resolutivo orixinal, resulta **aprobado pola unanimidade dos 16 deputados e deputadas presentes** con dereito a voto.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a afrontar unha estratexia de recuperación da produción marisqueira de Galicia, en liña co apuntado polos colectivos do sector e os axentes coñecedores e afectados por este problema, en especial, que se atenda ás peticións da ría de Camariñas para ter semente e poder rexenerar a ría.»

2.3 2277 (12/PNC-000295), do **G.P. do Bloque Nacionalista Galego.** Sométese a votación o texto resolutivo orixinal, que resulta **rexeitado** por:

Votos a favor:..... 7 (BNG+S)
Votos en contra: ..... 9 (P)
Abstencións: 0

PARLAMENTO DE GALICIA

2.4 2574 (12/PNC-000332), do **G.P. do Bloque Nacionalista Galego.** Sometido a votación o texto resolutivo orixinal, resulta **aprobado pola unanimidade dos 16 deputados e deputadas presentes** con dereito a voto.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

1. Desenvolver un proxecto de semente de moluscos bivalvos para garantir o acceso do sector marisqueiro a ela que permita acadar progresivamente a autosuficiencia de Galicia en materia de produción e subministración e evitar as importacións para o impulso da actividade marisqueira.

2. Convocar de inmediato as axudas para a repoboación dos bancos marisqueiros e levar a cabo a súa resolución no prazo máis breve posible.

3. Tendo en conta que o período de cultivo é inminente, habilitar a corresponde partida económica para adiantar o importe desas axudas ao sector, tomando como base para o anticipo as concedidas en anos anteriores.»

2.5 3383 (12/PNC-000425), do **G.P. dos Socialistas de Galicia.** Sométese a votación o texto resolutivo orixinal, que resulta **rexeitado** por:

Votos a favor:..... 7 (BNG+S)
Votos en contra: ..... 9 (P)
Abstencións: 0

Ao non haber máis asuntos que tratar, a señora presidenta agradece aos presentes o seu traballo na Comisión e levanta a sesión.

Remata a sesión ás 19:15 horas.

Patricia García González

Firmado digitalmente por Patricia García González
Nombre de reconocimiento (DN): cn=Patricia García González, email=patricia.garcia.gonzalez@parlamentodegalicia.es
Fecha: 2024.06.11 14:04:11 +02'00'

Patricia García González
Presidenta da Comisión

Carmela González Iglesias
Secretaria da Comisión

Carmela González Iglesias

Firmado digitalmente por Carmela González Iglesias
Fecha: 2024.06.11 12:10:46 +02'00'